



RESOLUCIÓN DE CONVERSIÓN DOS CONSORCIOS "COMUNAIS DA GUDIÑA OR-2063" E "COMUNAIS DA GUDIÑA OR-3029" A CONVENIO DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN "COMUNAL DE PARADA DA SERRA".

FEITOS

Primeiro. Nos anos 1950 e 1953, Patrimonio Forestal do Estado realizou os consorcios "Comunais da Gudiña OR-2063" e "Comunais da Gudiña OR-3029", cunha superficie de 1.450 e 3.956 ha respectivamente, das que pertencen á comunidade de veciños de Parada da Serra 357,55 e 1.457,45 ha respectivamente.

Segundo. O 25/06/1976 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da provincia de Ourense, clasificou como veciñal en man común o monte "Comunal de Parada", da pertenza dos veciños de Parada da Serra, no concello da Gudiña, na provincia de Ourense.

Terceiro. O 23/03/2006, José Alfredo Sánchez Pérez, na súa calidade de presidente da comunidade de montes veciñais en man común de Parada da Serra, presenta tres escritos coa mesma data de rexistro na Delegación de Ourense, polos que solicita a transformación dos consorcios "Comunais da Gudiña OR-2063" e "Comunais da Gudiña OR-3029" a convenio do monte veciñal en man común "Comunal de Parada", os planos e superficies, e o estado das contas dos referidos consorcios ata o ano actual.

Cuarto. O 9/08/2007, o xefe do Servizo de Montes de Ourense, require a subsanación da solicitude inicial, o faltar o acordo da asemblea.



O 10/09/2007, o presidente da comunidade presenta certificado asinado polo secretario da comunidade, da asemblea xeral de 26/08/2006, na que se acordou solicitar a citada transformación.

Quinto. O 28/09/2009, o presidente da comunidade se reitera na súa petición inicial e solicita que se lle informe.

O 9/11/2009, o xefe do Servizo de Montes de Ourense, informa que para continuar a tramitación se vai achegar a través do persoal do Distrito Forestal XIV Verín-Viana, o estado das contas e os impresos do contrato do convenio.

Sexto. O 19/11/2009, logo de remitidas a memoria e contas vixentes dos consorcios, o presidente da comunidade de montes presenta un escrito ante o Servizo de Montes de Ourense no que declara non estar de acordo co saldo debedor que sirve de inicio no futuro convenio e que calculou o Servizo de Montes, polo prorrateo feito de ingresos e gastos sen xustificación legal e en particular pola imputación dos gastos de administración e gardería, polo que solicita:

1. Que se lles remitan de novo as contas da súa comunidade, que se expida unha certificación de contabilidade delas, dende a clasificación do monte ata a data de presentación do escrito, desglosadas por anos naturais ingresos e gastos e segundo o tipo de actuación.
2. Que de non haber base legal para calcular os gastos e ingresos que afectan a súa comunidade polos dous consorcios que afectan o seu monte, se realice un novo cálculo das cantidades axustadas a realidade dos traballos e cortas que realmente se viñan realizando dende a data de clasificación do mesmo.



Sétimo. O 26/01/2010, a medio de nota interior o xefe do Distrito Forestal de Verín informa e remite o Servizo de Montes de Ourense, que o día 20/01/2010 a comunidade de veciños de Parada da Serra entrega na oficina de A Gudiña, a documentación do convenio e copia das alegacións presentadas o 19/11/2009.

Oitavo. O 11/03/2010, o xefe do Servizo de Montes de Ourense ratificouse nas contas dos consorcios efectuadas anteriormente e remitiulle ao presidente da comunidade de montes o detalle anual das citadas contas, aclarando que polo que respecta os gastos de administración e gardería, non é aplicable o artigo 52 do Real Decreto 1279/1978, do 2 de maio, xa que esta norma só afecta aos convenios establecidos ao abeiro da Lei 5/1977, do 4 de xaneiro de fomento da produción forestal, e non os consorcios establecidos ao abeiro da Lei de patrimonio forestal do 10 de marzo de 1941.

Noveno. Os 14/4/10 e posteriormente o 28/1/11, o presidente da comunidade de montes, remite escritos a Dirección Xeral de Montes e a Consellería de Medio Rural nos que se reitera nas súas manifestacións anteriores de oposición ás contas efectuadas polo Servizo de Montes de Ourense e solicita que se resolva o procedemento.

Décimo. O 19/07/2011 o Valedor do Pobo, logo de expediente instruído o efecto, por escrito de queixa presentado por don Alfredo Sánchez Pérez, require ó conselleiro do Medio Rural para que se lle informe.

O 14/10/2011, foi remitido o Valedor do Pobo, o informe emitido polo Servizo de Montes de Ourense de 6/10/2011, sobre a situación na que se encontra o expediente administrativo.



O 27/10/2011 o Valedor do Pobo a través de novo escrito require ó conselleiro de Medio Rural para que se dite resolución expresa e motivada do expediente administrativo de conversión do consorcio de Monte Parada da Serra.

Décimo primeiro. O 17/11/2011 o xefe do Servizo de Montes de Ourense remitiu o expediente á Dirección Xeral de Montes e propón que se aproben as contas dos consorcios OR-2063 e OR-3029, conforme o escrito de 11/03/2011, remitido o presidente da comunidade de veciños de Parada da Serra, polo que se ratificaba das contas elaboradas polo citado Servizo.

Décimo segundo. O 22/11/2011, o xefe do Servizo de Xestión de Montes da traslado a Asesoría Xurídica da Consellería de Medio Rural da proposta de resolución do expediente de conversión a convenio do monte "Comunal de Parada da Serra".

Décimo terceiro. O 20/12/2011, Asesoría Xurídica emite informe no que subliña entre outros a necesidade de pronunciarse sobre todas as alegacións formuladas no expediente.

Décimo cuarto. O 23/12/2011, o subdirector xeral de Recursos Forestais da traslado o Servizo de Montes de Ourense os efectos do cumprimento do indicado polo asesor xurídico.

Décimo quinto. O 6/02/2012, ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia, escrito do xefe do Servizo de Montes de Ourense, de data 1/02/2012, polo que da contestación o informe do asesor xurídico, sinalando fronte as alegacións de desacordo do presidente da Comunidade:



“.- Non hai xustificación para a elaboración do saldo do monte mediante o prorrateo dos gastos e ingresos proporcionalmente as superficies de cada unha das distintas comunidades propietarias que integran o consorcio.

A disposición adicional segunda da Lei 13/1989 de montes veciñais en man común ao igual que a disposición final terceira b) da Lei 55/1980 de 11/11/1980 de montes veciñais en man común, establecen que: As comunidades propietarias de montes veciñais consorciados ou con convenios coa Administración, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolvelo existente.

O monte de Parada da Serra foi clasificado monte veciñal en man común 25/06/1976. Ata 22/03/2006 a comunidade de veciños de Parada da Serra non fixo manifestación algunha oa respecto do establecido na Lei de Montes Veciñais en Man Común, polo que, por decisión da comunidade, o monte de Parada da Serra ata 22/03/2006 considerase subrogado nos consorcios dos que forma parte. Cada consorcio é unha unidade de xestión forestal independente de calquera outra e con unha conta de gastos e ingresos única.

Este servizo elaborou o saldo do consorcio no que pertence a comunidade de veciños de Parada da Serra, tal e como, dende o ano 1985, que empezaron as primeiras transformación de consorcio a convenio, ata o día de hoxe, se veñen elaborando e sendo aprobados polas distintas administracións forestais (na provincia de Ourense preto de 300 expedientes).

.- Desacordo coa imputación as contas dos consorcios dos gastos de administración e gardería de acordo co artigo 52 do R.D 1279/1978, de 2 de maio que aproba o regulamento para aplicación da Lei 5/1977 de 4 de xaneiro, de fomento da produción forestal.

Como xa se informou ao presidente da comunidade de Parada da Serra, en escrito de data de rexistro de saída 11/03/2010, o artigo 52 do R.D. 1279/1978 soo é aplicable aos convenios formalizados ao amparo da Lei 5/1977 de 4 de xaneiro, de



fomento da produción forestal. Os consorcios establecéronse ao amparo da Lei do Patrimonio Forestal do estado do 30/05/1941. A imputación de gastos de administración e gardería vense aplicando a tódolos expedientes de transformación de consorcios en convenios e aprobados polas distintas administracións forestais.

.- No resto das provincias da Comunidade Autónoma as contas dos consorcios non se elaboran por prorratio proporcional as superficies de cada comunidade.

.....esta provincia ven realizando expedientes de transformación de consorcio en convenio e propoñendo a súa aprobación dende o ano 1985, preto de 300 expedientes, sen reparo algún."

Décimo sexto. O 2/08/2012 a Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes da traslado a Secretaría Xeral Técnica da súa proposta de resolución do expediente de conversión dos consorcios "Comunais da Gudiña OR-2063" e "Comunais da Gudiña OR-3029" a convenio do monte veciñal en man común "Comunal de Parada da Serra".

Respecto da alegación do interesado consistente na aplicación de criterios diferentes noutras provincias ante supostos idénticos, a Secretaría Xeral do Medio Rural e do Mar manifesta o seguinte: "*ámbolos dous consorcios foron asinados nos anos 1950 e 1953 respectivamente e ambos presentaban un ámbito territorial maior do que posteriormente sería clasificado a favor da comunidade de Parada da Serra, en 1976. O 26.08.2006, a asemblea xeral da comunidade solicitou a conversión dos consorcios, na parte da titularidade da comunidade, en convenio. O 28 de maio de 2012, a Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural e do Mar, vistas as alegacións da comunidade ás contas elaboradas polo Servizo de Montes de Ourense, informou que é preciso fundamentar o criterio de liquidación de gastos e ingresos en supostos análogos que resulta aplicable en toda a comunidade autónoma. En primeiro lugar, conforme ao disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man*



común, as débedas existentes ata o ano da clasificación, é dicir ata o 1976 incluído, quedaron condonadas en ámbolos dous consorcios para esta comunidade de montes. En segundo lugar, durante os trinta anos que transcorreron entre a clasificación e a solicitude de conversión a convenio, e toda vez que a comunidade titular do monte veciñal en man común non se pronunciara sobre a súa inclusión nos consorcios citados, a administración forestal entendeu subrogada á comunidade nos dous consorcios. Durante eses trinta anos, todo o persoal que foi encargado da levanza da contabilidade dos consorcios no Servizo Provincial de Montes de Ourense levouna cos mesmos criterios para tódolos consorcios. Nesas condicións de partida no momento de solicitude de conversión de consorcio a convenio destes dous consorcios (dos que durante trinta anos a comunidade titular non indicou nada respecto do estado dos ingresos, dos gastos nin da súa pretensión), tódolos Servizos Provinciais de Montes de Galicia realizan a contabilidade da mesma maneira segundo o marco legal establecido".

Décimo sétimo. O 26/08/2012 a Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural e do Mar informou favorablemente a proposta de resolución da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83, e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á



Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

2. A estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia establécese na actualidade polo Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, e polo Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e distribúe as competencias en materia medioambiental entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria, regulou o ámbito competencial desta.
3. Na tramitación deste expediente de conversión dos consorcios "Comunais da Gudiña OR-2063" e "Comunais da Gudiña OR-3029" a convenio do monte veciñal en man común "Comunal de Parada" observáronse as normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e en particular este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e polo Real decreto 1279/1978, do 2 de maio, que aproba o Regulamento de Lei 5/1977, de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/1984, de 23 de marzo da Xunta de Galicia e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, de montes, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril.
4. A disposición adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que:



"As comunidades propietarias de montes de veciños consorciados ou con convenios coa administración, e con independencia de que neles fosen parte os Concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.

As débedas dos consorcios realizados pola administración forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación do monte como veciñal en man común.

Se os consorcios coa administración continúan en vigor, ben na súa forma orixinal ou transformados en convenios ao amparo da disposición final terceira da Lei 55/1980, de 11 de novembro, e a totalidade ou parte da débeda existente no momento da clasificación fose amortizada, o importe desta devolverase ás comunidades en forma de investimentos a realizar pola administración en nome propio.

Cando o consorcio ou convenio fose resolto e liquidado, as comunidades interesadas poderán solicitar a devolución do importe das amortizacións realizadas no momento da clasificación, que será compensado pola administración en forma de investimentos materializados no propio monte. Estes investimentos realizaranse con acordo expreso das comunidades propietarias, nun prazo máximo de catro anos.

En todo caso, aquelas comunidades que se benefician da condonación da débeda segundo o contemplado nesta disposición e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un plan de aproveitamentos e xestión do monte, que haberá de ser aprobado pola administración."

5. Logo de revisado o expediente, a proposta que fai o Servizo de Montes de Ourense, acompañada do estado das contas, e unha vez pronunciado este Servizo sobre as alegacións presentadas pola comunidade que insta o expediente, e tendo en conta que non existiu ata este momento conta separada de ingresos e gastos dos montes consorciados, que falta toda previsión expresa e toda cláusula no



consorcio formalizado no seu día na que se establecera a obriga de distinguir os gastos e ingresos que correspondan a cada un dos Montes que forman parte do Consorcio, sen que este sistema de actuación fora nunca posto en cuestión pola comunidade de Parada da Serra, e neste sentido cabe sinalar respecto o tempo transcorrido sen que se puxera reparo algún ó sistema de contabilidade a STS de 4 de abril de 2006, RJ 2006\5084, que sinala:

"Pues de además de todo lo anterior expuesto, se ha de significar, de una parte, que esos incumplimientos a que se refiere el recurrente ya han sido valorados por la sentencia recurrida, que ha declarado que los mismos no adquieren trascendencia a los efectos de esta litis de otra, porque en esos incumplimientos a que se refiere el recurrente ha influido también la propia actividad de la parte que durante mas de veinte años no ha formulado la oportuna petición y ha consentido por tanto esa actuación de la Administración durante todo el tiempo de vigencia del consorcio, y en fin, porque en el caso de autos ya la propia Administración ha accedido a la petición de resolución del consorcio forestal, y sobre la cantidad que la Administración ha señalado para que tenga lugar la citada resolución, la sentencia recurrida no se ha pronunciado y expresamente ha declarado que queda fuera del debate— Fundamento de Derecho Tercero—, y por ello, para que esta Sala en casación hubiera podido hacer alguna valoración, era obligado haber denunciado esa incidencia al amparo del artículo 88, 1, c) de la Ley de la Jurisdicción, sin olvidar además que respecto a la cantidad señalada por la Administración, en la resolución expresa que accede a la petición de resolución del consorcio, el recurrente se limita a cuestionarla por una mera alegación y sin datos que la justifiquen en forma, como hubiera sido exigido, en el caso de que se hubiera alegado, como se ha expuesto, el motivo de casación pertinente al amparo del artículo 88, 1, c) de la Ley de la Jurisdicción."

E despois de examinar a proposta de resolución da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.



De acordo co indicado, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a rescisión do consorcio "Comunais da Gudiña" OR-2063, por ter pasado toda a súa superficie a convenio.

Segundo. Aprobar o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Comunal de Parada da Serra

Número de elenco: 321-55264

Superficie: 1.815 ha

Pertenza: Comunidade de veciños de Parada da Serra

Concello: A Gudiña

A contabilizar como subvención : 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interese sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da consellería no voo: 30%

Saldo inicial da conta do novo convenio: 96.322, 90 €, a favor da Xunta de Galicia.

Terceiro. Que no sucesivo o consorcio "Comunais da Gudiña" OR-3029, teña as seguintes características:

Nome: Comunais de A Gudiña

Número de elenco: OR-3029

Superficie: 379,7 ha

Pertenza: Comunidades de veciños de Carracedo da Serra

Concello: A Gudiña

A restar da súa conta de gastos: 82.311,44 €




A restar da súa conta de ingresos: 16.793,15 €

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo, no prazo dun mes ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 109, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2012

A conselleira do Medio Rural e do Mar


Rosa María Quintana Carballo
